

Aula de natureza de



*Itinerario ambiental
polo río Mandeo*

1

Camiñar para coñecer, coñecer para conservar

XUNTA DE GALICIA

¿Como usar esta guía?

Esta pequena guía pretende achega-los visitantes desta aula de natureza a todos aqueles aspectos naturais, culturais e patrimoniais que fan deste contorno un espacio para aprender a conserva-lo noso patrimonio.

Os itinerarios organízanse arredor de paradas relativas a aspectos do medio natural, etnográfico e cultural que, pola súa peculiaridade, valor ou singularidade, merecen ser destacados.

As paradas que se realizan ó longo do percorrido encóntanse convenientemente sinalizadas cos seus respectivos postes indicadores, así como os desvíos e direccións que se deben seguir durante o noso percorrido.

2

¿Como comportarnos naturalmente durante o noso camiñar?

Para evitar crear impactos innecesarios, debes ter en conta algunhas das seguintes recomendacións:

- Evita camiñar fóra dos camiños. Estes están debidamente sinalizados. Se os abandonas, estás creando un impacto innecesario.
- Deixa o vehículo no aparcadoiro e goza do contorno camiñando polo itinerario que che propoñemos.

- Deposita nos contedores o lixo que produzas durante a túa visita. Sería importante que fixeras unha recollida selectiva e a depositaras nos contedores axeitados.

- A auga é fonte de vida, por iso debes manter limpas as fontes e cursos de auga. Nós mesmos ou outros seres vivos poderíamos precisala máis adiante.

- Ten coidado co lume. Un incendio causa graves prexuízos na natureza e mesmo podemos poñernos en perigo.

- Respecta as plantas e animais, xa que todos cumpren un importante papel na natureza.


- Lembra que os animais domésticos ceibes poden asustar a outras persoas ou molestar os animais que teñen neste lugar un refuxio de tranquilidade.

- Aproveita estes momentos para gozar do contacto coa natureza. Esquece as prásas, utiliza tódolos sentidos, presta atención ás pequenas cousas e ven visitar este espacio en distintas épocas do ano.

Aula de natureza de Chelo



CHELO



A Betanzos



Á Coruña
(N-VI)



QUEIRÍS

COLLANTRES

100

50

50

100


150

Río

A Coruña

CHELO

N



Itinerario ambiental pelo rio Mandeo



Aula de natureza de



O itinerario da aula de natureza de Chelo discorre polas marxes do río Mandeo, entre a aula de natureza e a ponte próxima á minicentral do Zarzo, para pasar á outra marxe do río e descender ata o punto inicial do percorrido.

Neste itinerario imos descubrir algúns aspectos relacionados coa vida das augas correntes e tamén algúns dos aproveitamentos que, ben tradicionalmente ou ben na actualidade, obtemos del. E afondaremos na importancia da conservación dos nosos ríos.

6

A aula de natureza de Chelo situase no río Mandeo, río que nace nos cumios da serra da Cova da Loba e desemboca na ría de Betanzos, no Golfo Ártabro.

Distancia: 6 km.

Dificultade: baixa, pero non é accesible nin practicable para público con mobilidade reducida, excepto no primeiro tramo do camiño.

Inicio e fin: aparcadoiro da aula de Chelo.

Duración: unhas 3 horas.

parada 1

Conservando o bosque de ribeira, conservámo-los ríos

Os bosques de ribeira forman un estreito corredor verde que se estende ó longo do leito do río. Este tipo de bosque cumpre un papel fundamental para axudar a conserva-los nosos ríos.

Por un lado, as súas raíces fixan as marxes, e, desta forma, evitan a erosión que provocarían as chuvias torrenciais.

Gracias a sombra das súas copas axudan a regula-la temperatura das augas do río, manténdoa case constante, especialmente no verán

Os bosques de ribeira serven de refuxio e despensa de alimentos para unha grande diversidade de animais.



*As raíces do
bosque evitan
a erosión*

parada 2

As árbores do río encóntranse adaptadas á auga


As árbores que viven á beira do río están adaptadas á presenza case permanente de auga nas súas raíces.

O ameneiro é unha das árbores da beira dos ríos que máis altura pode alcanzar, achegándose en ocasións ós 25 metros. Esta árbore precisa que as súas raíces estean encharcadas, por iso se encontra tan próxima á beira do río.

A madeira do ameneiro empregouse para facer pontes,

8

Ameneiro



pezas de muíños...,
pois resiste moi ben
a humidade e non apodrece facilmente.

Os ameneiros teñen,
ademais, outra curiosidade: as súas raíces están asociadas a uns fungos que

lle permiten fixa-lo nitróxeno da atmosfera e, deste xeito, enriquecen enormemente o solo sobre o que viven.


Fíxate nas follas do ameneiro, tócaas...

Son pegañentas. ¿Sabes que as follas do ameneiro se poden empregar para coirda-los pés despois dunha longa camiñada?

Fíxate na diferenca da casca entre os ameneiros novos e os máis vellos. No primeiro caso é lisa, de cor agrisada, e no caso dos exemplares máis vellos, a cor tira ó negro, e está dividida en capas anchas.

Outra árbore común é o salgueiro, unha árbore que soporta perfectamente as grandes enchentes do río. E incluso podemos encontralo sobre algunha pedra no medio do leito do río. Cumpre un importante papel fronte á erosión, fixando as marxes e ribeiras dos ríos. Pode chegar a alcanza-los 12 metros de altura, pero o máis normal é que sexan moito máis baixos.

Fíxate nas súas follas. Teñen unha cor cinsenta escura moi característica. É unha árbore que florece moi cedo. A partir do mes de febreiro, e antes de que abrochen as follas, aparecen as flores. O feito de que as flores aparezan tan cedo convérteno nunha árbore moi visitada polas abellas e outros insectos, que, ó tempo que encontran alimento, facilitan a polinización dos salgueiros.



Outras árbores que tamén viven na beira do río

No bosque de ribeira encontramos máis árbores que non sempre viven asociadas ó bosque de ribeira, entre elas, o bidueiro, de característica casca branca, con aneis máis escuros. Vive nas beiras dos ríos, en lugares húmidos e zonas de montaña. A súa madeira tense empregado para face-las zocas. Outra das árbores que viven cerca do río é a abeleira, unha árbore xeralmente baixa, co tronco moi dividido desde a base. Os

seus froitos (as abelás) comestibles fixeron que esta árbore acompañase á humani-

dade

den-

de a

antigüi-

dade. As

súas pólas

tamén se


empregan

para facer

cestos e para

ata-las vides e

10



As abelás teñen un alto poder nutritivo

dan unhas excelentes varas para camiñar. Compara a súa folla coa do ameneiro. ¿En que se diferencian?

O freixo é outra árbore que vive case sempre próxima ós cursos de auga. Coa madeira do freixo fáciase os mangos dos apeiros de labranza ou os eixes dos carros. Se tes oportunidade, fíxate nos froitos do freixo. As súas sementes están rodeadas dunhas ás membranosas. Primeiro son verdes e despois tórnanse de cor parda amarelada. ¿Que medio pensas que utilizan para dispersar as súas sementes?

11

O freixo, unha árbore que tamén existe nas aldeas, lonxe do río



Pero no bosque non todo son árbores

Se nos paramos e observamos con detemento, poderemos comprobar que no bosque de ribeira existen moitas outras plantas, dende feitos como o feito real, o feito femia ou o feito macho, ata arbustos como o sanguíño ou o bieiteiro, pasando por lianas como a herba salgueira ou as silveiras. Se seguimos observando, poderemos ver outras plantas como o pé de lobo, o amarelle, a herba

pulgueira, os senecios, a amenta de lobo, o bonito lirio amarelo ou a propia amenta de auga. Podes achegarte a unha e ulila. ¿A que che recorda?. A amenta acuática ten as mesmas propiedades có poexo, que se emprega como dixestivo tónico.

12



Lirio amarelo

parada 3

Os muíños son un aproveitamento tradicional da forza da auga

Dende moi antigo o home aprendeu a aproveita-la forza da auga no seu beneficio.

Un dos aproveitamentos máis comúns en Galicia foi o muíño de regato. Augas arriba do muíño unha presa derivaba a auga do río. A través dunha canle chegaba ós muíños, onde facía xira-lo rodicio, e este movía unha pedra, “a capa”. O movemento da capa sobre a outra pedra, que era fixa, “o pé”, trituraba o gran, converténdoo en fariña.



13

O muíño de maquí de Chelo, un dos máis importantes do Mandeo

¿De quen eran os muíños?

A forma de propiedade máis común eran “os muíños de herdeiros”. Estes pertencían a varios veciños, aínda que non a todos, e móiase por quendas. Os amaños do muíño realizábanse de xeito colectivo. Eran muíños non moi grandes e que adoitaban ter unha soa pedra.

Despois estaban “os muíños de maquía”. Estes pertencían a un só propietario. Normalmente eran máis grandes e servían tamén como vivenda do muiñeiro e a súa familia. O muiñeiro cobraba unha parte da fariña, “a maquía”, que era proporcional á cantidade moída. Estes muíños podían ter máis dunha pedra, e así moían mellor outras variedades de gran (trigo, centeo, millo...).

(Un pouco máis abaixo do aparcadoiro da aula de natureza -a uns 50 metros- podemos ver un importante muíño de maquía, o muíño de Chelo. Este muíño tivo unha grande importancia socioeconómica no contorno xa que a el viñan moer dende a zona de Betanzos e mesmo dende Pontedeume, cando nas épocas estivais os muíños desas zonas non tiñan suficiente auga. Ata o muíño chegaban en barca remontando o curso do Mandeo).

parada 4

A auga causa distintas formas de erosión

*A forza da
auga, ó
longo do
tempo, causa
distintas
formas de
erosión*



15

Ó longo do río podemos ver distintos fenómenos de erosión da auga sobre as rochas: as pías nas pedras, as pozas do río, os pelouros..., pero é moi interesante o encaixe do río Mandeo á altura da Espenuca.

Co paso do tempo, a forza da auga foi abrindo un pequeno encaixonamento para atravesalo macizo da Espenuca, un macizo de rochas formadas por materiais moito máis duros cós do arredor.

É precisamente neste tramo onde o río Mandeo acada unha das pendentes máis pronunciadas do seu leito, pois ten que salvar un importante desnivel.

parada 5

O ciclo da auga no Mandeo

O río Mandeo nace nos montes de Sobrado dos Monxes e desemboca en Betanzos, formando na súa desembocadura a Marisma de Betanzos. Nos seus 56 km de percorrido o Mandeo recibe unha gran cantidade de achegas de numerosos afluentes: o Deo, o Zarzo, o Mendo..., converténdose

nun río cun caudal abundante, especialmente a partir da confluencia do Mendo, cerca xa de Betanzos. Este elevado caudal permitiu que Betanzos fose un importante porto marítimo-fluvial ata o século XVI.

16



A partir de Betanzos, o río Mandeo devolve as súas augas ó Océano Atlántico

Este caudal permite tamén unha das festas populares máis curiosas de Galicia. A romaría dos Caneiros. Nesta día de festa, os betanceiros remontan o Mandeo en barcas engalanadas de flores. Chegan ata o campo dos Caneiros -moi cerca de Chelo-, onde farán un xantar en familia, e, cando anoitece, volven a Betanzos. Esta romaría celébrase os días 18 e 25 do mes de agosto.

parada 6

Os animais do río adáptanse a un medio en movemento

17

O río é un medio en constante movemento. Á súa corrente téñense que adaptar tanto as plantas como os animais.

Os animais adoptaron distintas estratexias que lles permiten vivir neste medio. Unha delas é que se orienten no sentido contrario á corrente, como as troitas ou os salmóns.

Outra das estratexias é posuír un corpo aplanado dorsoventralmente. Isto permítelles a algunhas larvas de efémeras ou ás planarias vivir baixo as pedras ou mantérense sobre elas.

Outra estratexia é ter un corpo en forma de fuso, reducindo a fricción da corrente de auga, ou ter un pequeno tamaño que permite encontrar numerosos refuxios.



*Os animais do río
adáptanse a un medio en constante movemento*

Algúns animais constrúen pequenos estoxos nos que viven; que actúan como un lastre e así evitan ser arrastrados polas augas,. É o caso das larvas dos tricópteros.

Outros posúen potentes ganchos cos que se aferran ó substrato, e algúns producen potentes fíos de seda que actúan a xeito de cordas de seguridade.

As samesugas teñen dúas potentes ventosas que evitan que sexan arrastradas pola corrente.

Algúns outros, como os zapateiros, viven sobre a superficie da auga. O segredo dos zapateiros para non afundirse é que son moi lixeiros, teñen o extremo das súas patas como unha coitela de patín de xeo e o corpo recuberto duns peliños aceitosos.



Libeliña: larva e adulto

19

Se te fixas, poderás ve-lo pequeno abombamento que a auga fai baixo as súas patas e o seu corpo.

A diversidade de invertebrados acuáticos que viven no río é enorme; forman parte deste medio moluscos como o *Ancylus*, que vive sobre as pedras alimentándose de algas; insectos como os gaiteiros e libeliñas, que tinguen o ceo de rechamantes cores cando son adultos; ou pequenos crustáceos que se alimentan de restos orgánicos.

Os peixes que veñen do mar

Pero no río viven moitos máis animais cós invertebrados. Peixes como a troita, o reo ou salmón ou a anguía percorren o río Mandeo.

O salmón pasa unha parte importante da súa vida no mar, e cando é o momento da reprodución, entre o inverno e o verán, remonta os ríos, normalmente o seu río de orixe, ata un lugar apropiado para o desove. O salmón é unha especie que se encontra en regresión, e o Mandeo é un dos poucos ríos galegos que remonta na súa migración.

⌘

O reo, especie moi próxima á troita, ten un ciclo de vida moi semellante ó salmón. Nace no río, pasa aquí algún tempo e despois migra cara ó mar. Uns anos despois volve a

remontar, na etapa fértil, os nosos ríos ata o lugar de desove.

O reo é un peixe que só se



O salmón remata no río a súa longa viaxe dende o mar

encontra nas costas e ríos de Galicia e do Cantábrico, polo que a súa conservación ten unha elevada importancia.

O reo recibe distintos nomes populares dependendo do seu tamaño e da época na que remonta o río: maiolo, cereixolo e castañolo.

Os anfibios, unha vida entre a auga e a terra

Os anfibios son un grupo de animais intimamente ligados ó medio acuático. Entre os máis comúns, as ras e pintafontes pasan unha parte importante

21

O macho do pintafontes verde ten unha crista durante o celo



da súa vida neste medio, ben na súa fase larvaria ou nalgúns momentos da súa fase adulta. Tanto uns como outros, cando son adultos, aliméntanse de insectos e son moi sensibles ós procesos de contaminación dos ríos. Cando chega o inverno agáchanse e pasan esta estación hibernando.

O merlo rieiro axúdanos a coñecer-la calidade dos nosos ríos

22

En canto ás aves que viven no río, unha das máis representativas é o "merlo rieiro". O babeiro branco nun pequeno corpo gordecho de cor achocolatada faino inconfundible. Delátalo o incesante movemento sobre as



O merlo rieiro vive en cursos de auga ben conservados

pedras do río ou ben o seu característico voo dunha a outra. Mergúllase no río, e coa axuda das súas ás mergulla, pero faino camiñando polo fondo do leito agarrándose coas súas fortes uñas ás pedras, en busca dos invertebrados (larvas de efémeras, libeliñas...) que constitúen o seu alimento.

A boa calidade das augas dun río é fundamental para contar coa presenza do merlo, pois trátase dunha ave moi sensible á contaminación dos leitos.

O mexillón de río

En diversos puntos do río Mandeo aparecen colonias dun curioso molusco. Seméllase a un mexillón, e esta é a orixe do seu nome popular.


Trátase dun animal que se encontra en regresión en toda Europa, polo que se considera unha especie prioritaria nas políticas de conservación da Unión Europea.

Viven nos fondos areosos do curso do río e, o mesmo cós mexillóns mariños, aliméntanse dos microorganismos que capturan filtrando a auga.

A lontra está deseñada para a vida acuática

Da lontra o máis probable é que só vexámo-las evidencias da súa existencia, ben as súas pegadas ou ben os seus excrementos, sobre algunha pedra ou mata de herba do río, constituídos por espiñas e escamas e cun forte olor a peixe.

24



¿Sabías que a lontra está perfectamente adaptada á vida no río, e que pode chegar a nadar a unha velocidade de 11 km/h? Un nadador olímpico só chega a uns 7 km/h.

O corpo en forma de fuso e as pequenas orellas para reduci-la resistencia á auga, as patas traseiras palmeadas e a súa cola aplanada como un temón, son algunhas das adaptacións deste mamífero.

Lontra

parada 7

A minicentral aproveita a forza da auga para producir enerxía eléctrica

En fronte nosa témo-la minicentral hidroeléctrica do Zarzo. O Zarzo é un dos afluentes do Mandeo.

As minicentraís hidroeléctricas aproveitan a enerxía que ten a auga para mover unha turbina que produce electricidade.

Para isto, deben desviar parte do curso do río Zarzo e despois a través duns tubos, conducen a auga ata a turbina que se encontra no edificio da central.



*Minicentral
hidroeléctrica do Zarzo*

Para evita-lo impacto ambiental que poderían causar, as minicentraís deben manter un caudal ecolóxico mínimo e, nalgúns casos, na presa onde acumulan a auga, posúen escadas de remonte que evitan que o curso do río sexa inaccesible para os seres vivos que nel habitan.

¿Sabías que en Galicia a enerxía eléctrica que producen as minicentraís é de preto de 500 millóns de kwh/ano, e que nunha casa consumimos arredor de 3.000 kwh/ano?

26



parada 8

A auga tamén é fonte de saúde

Nesta parada achegámonos ó vello balneario do Bocelo, e podemos baixar á fonte do balneario. ¿A que cheira? Estas augas emanan un forte olor que nos recorda a ovos podres. Son augas sulfurosas.

Balneario do Bocelo

Este balneario tivo unha época de apoxeo nos anos trinta pero un incendio na década dos 40 destruíuno. Dende entón non se volveu a recuperar, e así chegou ó estado actual de abandono. Pero a pesar de todo, ata aquí seguen chegando veciños do contorno de Coirós, Betanzos, Paderne ou mesmo A Coruña. Nun paseo veñen busca-las augas que emanan desta fonte polas propiedades medicinais que posúen. As augas sulfurosas do Bocelo usábanse en bebida para o tratamento do fígado e en baños para trata-la reuma e afeccións da pel.

Fíxate que no contorno do balneario aparecen castiñeiros, árbores asociadas en Galicia a lugares habitados, pola importancia que o seu froito tivo na economía doméstica.

27

parada 9

As plantas do río non se deixan levar pola corrente

No río viven plantas que desenvolven distintas estratexias para evitar seren arrastradas pola corrente e, ó mesmo tempo, completa-lo seu ciclo vital.

Algunhas plantas viven enraizadas no fondo do leito e somerxidas totalmente, como unha alga (*Chara fragilis*) que forma unhas grandes masas de cor verde, ou un brión especializado na vida baixo a auga, o musgo da fonte.

Outro grupo de plantas están case totalmente somerxidas pero non totalmente. Algunhas posúen as follas e flores por enriba da auga, como a "espiga de auga", o "miriofilo", ou as "oucas". No caso das oucas, teñen dous tipos de follas, as que viven somerxidas que están fendidas e son ovaladas e as que viven flotando sobre a superficie que son redondeadas. Estas masas de plantas son un excelente refuxio e lugar de alimentación para a fauna do río. Entre as súas follas nadan os invertebrados, os pintafontes, as cobras acuáticas e as ras, que saltaron cando notaron a nosa presenza.

Pero non tódalas plantas do leito do río viven enraizadas no seu fondo. Outras, como a pequena lentella de auga, flota libremente, polo xeral, en remansos do río e en zonas de augas estancadas, e, desta forma, están sometidas ós caprichos da corrente.



*Plantas
enraizadas
no río*

parada 10

As ribeiras do río teñen
unha elevada biodiversidade

O bosque da ribeira é un bo lugar para moitos animais, porque encontran nel alimento e refuxio. Ademais, este bosque funciona como un corredor verde que comunica todo o leito do río. Estes corredores son un elemento de grande importancia para a conservación da biodiversidade, pois pode comunicar espazos naturais moi distantes entre si e que, se non, funcionarían como illas.



Lavandeira cinsenta

Ó lagarto verdinegro gústalle a auga

Un dos animais máis curiosos que habita na beira dos ríos é un lagarto que non lle ten medo á auga, o lagarto verdinegro, un precioso lagarto, especialmente os machos na época de celo. Nesta época locen unha cor verde-amarelada case esmeralda, salpicada de ocelos escuros e a súa garganta está tinxida de azul, facéndoo inconfundible.

3



Este lagarto ten entre os seus curiosos costumes o de nadar, algo que fai con bastante eficacia. Pero, ademais, e en caso de perigo, pode incluso mergullarse para agacharse no fondo do leito entre a lama e agardar alí uns segundos.

Lagarto verdinegro

As lavadeiras tinxen o río de gris e amarelo

Outro dos animais dos que podemos gozar no camiño son as lavadeiras, nome popular que nos fala ben ás claras de cá é o seu hábitat preferente. As lavadeiras camiñan pola beira do río ou polas pedras do seu leito en busca de pequenos insectos dos que se alimenta. Fíxate na súa cola. As súas constantes sacudidas son un mecanismo de comunicación “visual” moi eficaz onde o ruído da auga correndo dificultaría os seus propios sons. A lavadeira cinsenta, que é a que máis querencia ten pola auga, constrúe o seu niño baixo pontes ou tras un salto de auga

ou no monte de herba que hai na beira do río. Se che coincide na época de nidificación e tes sorte de ver algunha lavadeira, non pérda-lo espectáculo do constante ir e vir carretando material para construí-lo seu niño ou alimento para os seus polos.



Lavandeira común

Un pequeno anfibio galego que vive nos bosques dos ríos

O mundo das pínegas encóntrase nos ríos que discorren entre os bosques, ben nas proximidades da auga, ou no seu curso.

A pínega común ten actividade exclusivamente nocturna. Aliméntase de miñocas, insectos, arañas e lesmas. É a máis abundante das nosas pínegas. Precisa unha alta humidade no ambiente, polo que é común velas ó anoitecer despois dun chuvasco.

32

No Mandeo vive un anfibio que está restrinxido ó Noroeste da Península Ibérica (Galicia, Norte de Portugal, Asturias), é outra pínega, algo máis pequena que a común. O seu nome, “pínega rabilonga”, dá-nos unha pista sobre unha das súas características máis significativas: a súa longa cola que supera o tamaño do resto do corpo.



Pínega común

parada 11

A conservación dos nosos ríos depende de todos

Ata aquí chegou o noso itinerario e sobre a ponte do Mandeo podemos botar unha última ollada sobre o río e reflexionar sobre algúns aspectos que abordamos ó longo deste.

No itinerario puidemos ve-la diversidade de vida que alberga o río, a importancia que este ten na súa conservación e algúns dos aproveitamentos tradicionais e outros máis actuais.

A conservación dos nosos ríos é algo que depende tamén de nós, dos nosos comportamentos na vida diaria. Dando un pequeno paso, facendo un uso racional da auga, xa estamos facendo moito pola conservación deste importante recurso.

Esperamos que o itinerario fose do seu agrado e que gozase desta visita polas ribeiras do río Mandeo.




*Ponte sobre o
Mandeo*

Especies citadas neste itinerario

- Abeleira - *Corylus avellana*
Amarelle - *Narcissus cyclamineus*
Ameneiro - *Alnus glutinosa*
Amenta de auga - *Mentha aquatica*
Amenta de lobo - *Lycopus europaeus*
Anguía - *Anguila anguila*
Bidueiro - *Betula celtiberica*
Cabaliño do demo - *Zigópteros*
Castiñeiro - *Castanea sativa*
Cobra de auga - *Natrix maura*
3 Espiga de auga - *Potamogeton natans*, *Potamogeton polygonifolius*
Fieito femia - *Athyrium filix-femina*
Fieito macho - *Dryopteris filix-mas*
Fieito real - *Osmunda regalis*
Freixo - *Fraxinus excelsior*
Herba pulgueira - *Eupatorium cannabinum*
Herba salgueira - *Lonicera periclymenum*
Lavandeira cinsenta - *Motacilla cinerea*
Lavandeira común - *Motacilla alba*
Lentella de auga - *Lemna minor*
Libeliña - *Anisópteros*
Lirio amarelo - *Iris pseudacorus*
Lontra - *Lutra lutra*





Merlo rieiro - *Cinclus cinclus*
Miriofilo - *Myriophyllum sp.*
Musgo da fonte - *Fontinalis antypiretica*
Ouça - *Ranunculus fluitans*
Pé de lobo - *Oenanthe crocata*
Pintafontes - *Triturus sp.*
Píntega común - *Salamandra salamandra*
Píntega rabilonga - *Chioglossa lusitanica*
Poexo - *Mentha pulegium*
Reo - *Salmo trutta trutta*
Salgueiro - *Salix atrocinerea*
Salmón - *Salmo salar*
Samesuga - *Glossophina sp.*, *Hirundo medicinalis*, ..
Senecio - *Senecio aquaticus*
Silveira - *Rubus sp.*
Troita - *Salmo trutta fario*
Verdinegro - *Lacerta schreiberi*
Zapateiro - *Gerris sp.*





Edita: Xunta de Galicia
Consellería de Medio Ambiente
Centro de Información e Tecnoloxía Ambiental

Idea orixinal, realización e textos:



cem, s.coop.galega. ©

Fotografías: XK3 foto ©

Ilustracións: Rafa Salvadores ©, Suso Cubeiro © e Tokio ©

Deseño gráfico, infografía e maquetación:
Mazaira grafismo, s.l.

Impresión: Edym, s.l.

Depósito legal: C-222/2001